

16. O reformismo borbónico en Galicia (a matrícula de mar, o arsenal de Ferrol, a apertura do comercio colonial).

Denomínase Reformismo borbónico aos cambios implementados pola nova dinastía reinante a partir de 1700 baseados no establecemento dunha **monarquía absoluta**, a centralización administrativa e, na segunda metade do s.XVIII, co **Despotismo ilustrado**, na aplicación do ideario ilustrado coa intención de elevar o nivel cultural e científico-técnico do país coa intención de obter melloras no eido económico. Destacan neste plano Fernando VI e Carlos III.

A posición estratéxica de Galicia na defensa do Imperio colonial fixo que os Borbóns tratan de reforzala como baluarte, principalmente contra os ingleses, a través dunha serie de reformas. Destaca a Ordenanza da **matricula do mar** do Marqués de la Ensenada na que se trataba de racionalizar o recrutamento de mariñeiros levando un rexistro da xente do mar segundo as funcións que dominaban e o seu nivel de experiencia. O seu impacto foi bastante limitado e foi eliminada en 1802. Creouse tamén a figura do **Intendente de Galicia** na Coruña como organizador das reformas, pero sen dúbida destaca a creación do **arsenal de Ferrol** e dos estaleiros por parte do Marqués de la Ensenada convertindo a Ferrol na principal cidade fortificada no Noroeste peninsular tendo un papel clave na defensa das rutas coloniais. Creouse a Academia de Garda Mariñas e O Ferrol creceu demográficamente de xeito exponencial mediante un trazado hipodámico. A cidade da Coruña veuse tamén beneficiada pola apertura durante o reinado de Carlos III do Servizo de Correos marítimos e, sobre todo, pola **autorización do comercio colonial con América dentro do proxecto de finalización do monopolio de da Casa de contratación de Sevilla polos Borbóns**.

Neste novo papel de baluarte do Imperio colonial Galicia viuse asolada polos ataques ingleses durante esta época destacando a Batalla de Rande durante a Guerra de Sucesión, a invasión inglesa de Vigo e Pontevedra en 1719 ou o ataque a Ferrol de 1800.

Pese a todo, o impacto da Ilustración foi bastante limitado e o impacto de reformismo viuse truncado polo brote da Revolución francesa e o medo a difusión das ideas do liberalismo por parte de Carlos IV, limitando de maneira moi significativa, incluso reaccionando contra os ilustrados de finais de século.

Por outra banda a Ilustración en Galicia ten coma principal representante a Benito Feijóo e as propostas en xeral foron moi moderadas poñendo o acento no atraso económico e na necesidade de modernizar Galicia potenciando a industria, a pesca e a agricultura e gandería. A análise do atraso económico levou a toma de conciencia por partes destes ilustrados da excentralización de Galicia respecto ao conxunto do Reino o cal podemos afirmar que foi unhas das primeiras tomas de conciencia da realidade diferencial de Galicia e a defensa da súa lingua e dos seus particularismos.